



## MADAME SATÃ

Brasil | 2002 | 105 min | Drama

**DIRECTOR** Karim Aïnouz

**GUIÓN** Karim Aïnouz


**MÚSICA** Marcos Suzano & Sacha Ambak

**FOTOGRAFÍA** Walter Carvalho

**INTÉRPRETES** Lázaro Ramos, Marcelia Cartazo, Flavio Bauraqui, Felipe Marques, Emiliano Queiroz, Renata Sorrah, Gero Camilo

**SINOPSE** A película ten lugar nos anos trinta, en Río de Xaneiro, no bohemio barrio da Lapa, xusto cando João Francisco está a piques de conseguir o seu soño de se converter nunha grande estrela. João Francisco, un alto home negro —unha versión brasileira de Jean Genet—, un pícaro orgulloso con personalidade feminina, un gánster, prisioneiro convicto e pai adoptivo, pasa a maior parte da súa vida nas bohémias rúas de Río de Xaneiro. Ao longo dos seus 76 anos de vida —27 deles no cárcere—, João Francisco dos Santos enfrontouse constantemente aos estigmas de ser analfabeto, negro, pobre e homosexual. Cunha grande habilidade para poñerse na pel de diferentes personaxes, definiuse a si mesmo como fillo de Iansã e Ogum (deidades de orixe africana orixinalmente adoradas polos escravos) e fervente seguidor de Josephine Baker.

Chamábase João Francisco dos Santos e era analfabeto “de pai e mãe”. Naceu o 25 de febreiro de 1900 en Glória do Goitá, municipio do estado de Pernambuco, mais residiu desde neno no Río, onde se forxou a súa lenda, a lenda de Madame Satã, o “homossexual mais macho que já houve na história”. O amante apaixonado e o pai de familia numerosa, o transformista musculoso que practicaba capoeira e se enfrontaba con frecuencia coa policía, o home provocador e desafiante que foi procesado en vinte e nove ocasións e condenado en dez delas, que recoñecía polo menos tres homicidios e o triplo de agresións. Nunha desas leas morreu un garda; a pistola estaba na súa man, mais non foi del a culpa: nas súas propias palabras “a bala fez o buraco” mais “quem matou foi Deus”. Un currículo criminal que o levou a entrar e saír varias veces do cárcere até cumprir, en total, vinte e sete anos e oito meses en prisión, máis dun terzo da súa vida. Madame Satã, mito da marxinalidade, símbolo da contracultura, fillo “deste asfalto, deste clima, deste ragu cultural brasileiro, que tentamos



negar inutilmente”, segundo foi definido nunha apaixonante entrevista publicada a comezos dos setenta na revista *O Pasquim*.

Un personaxe así merecía unha película. Foi a primeira longametraxe do cearense Karim Aïnouz e con ela chegou ao Festival de Cannes, sección Un Certain Regard. As altas expectativas do seu debut confirmounas con obras posteriores aínda máis sólidas coma *O Abismo prateado* ou *Viajo porque preciso, volto porque te amo*. Con *Madame Satã* fixo un filme carnoso e escuro, sensual e fascinante, que supera o risco (temíbel) do espectáculo lascivo para europeos ao ofrecer un retrato necesariamente poliédrico do mito, encarnado por un Lázaro Ramos no papel da súa carreira, por máis que logo probase ser un eficaz comediante ás ordes de Jorge Furtado (*O homem que copiava*, *Meu tio matou um cara*). Un filme tan gozosamente pegañento e contaxioso coma a canción *Ao romper da aurora*, unha samba clásica de Francisco Alves, Lamartine Babo e Ismael Silva, que o protagonista entoa —literalmente berra— nunha das súas secuencias máis memorábeis.

**SINOPSIS** La película tiene lugar en los años treinta, en Río de Janeiro, en el bohemio barrio de Lapa, justo cuando João Francisco está a punto de conseguir su sueño de convertirse en una gran estrella. João Francisco, un alto hombre negro —una versión brasileña de Jean Genet—, un pícaro orgulloso con personalidad femenina, un gánster, prisionero convicto y padre adoptivo, pasa la mayor parte de su vida en las bohemias calles de Río de Janeiro. A lo largo de sus 76 años de vida —27 de ellos en la cárcel—, João Francisco dos Santos se enfrentó constantemente a los estigmas de ser analfabeto, negro, pobre y homosexual. Con una gran habilidad para ponerse en la piel de diferentes personajes, se definió a sí mismo como hijo de Yansá y Ogum (deidades de origen africano originalmente adoradas por los esclavos) y ferviente seguidor de Josephine Baker.

Se llamaba João Francisco de los Santos y era analfabeto “de pai e mãe” [de padre y madre]. Nació el 25 de febrero de 1900 en Glória do Goitá, municipio del estado de Pernambuco, pero residió desde niño en Río, donde se forjó su leyenda, la leyenda de Madame Satã, el “homossexual mais macho que já houve na história” [el homosexual más macho de la historia]. El amante apasionado y el padre de familia numerosa, el transformista musculoso que practicaba capoeira y se enfrentaba con frecuencia a la policía, el hombre provocador y desafiante que fue procesado en veintinueve ocasiones y condenado en diez de ellas, que reconocía por lo menos tres homicidios y el triple de agresiones. En una de esas peleas murió un guardia; la pistola estaba en su mano, pero la culpa no fue suya: en sus propias palabras “a bala fez o buraco” [la bala hizo el agujero], pero “quem matou foi Deus” [fue Dios quien lo mató]. Un currículum



criminal que lo llevó a entrar y salir varias veces de la cárcel hasta cumplir, en total, veintisiete años y ocho meses en prisión, más de un tercio de su vida. Madame Satã, mito del lumpen, símbolo de la contracultura, hijo “deste asfalto, deste clima, deste ragu cultural brasileiro, que tentamos negar inutilmente” [de este asfalto, de este clima, de este caldo cultural brasileño, que intentamos negar inútilmente], según la definición publicada en una apasionante entrevista a comienzos de los setenta en la revista *O Pasquim*.

Un personaje así merecía una película. Fue el primer largometraje del cearense Karim Aïnouz y con él llegó al Festival de Cannes, sección Un Certain Regard. Las altas expectativas de su debut las confirmó con obras posteriores aún más sólidas como *O abismo prateado* o *Viajo porque preciso, volto porque te amo*. Con *Madame Satã* hizo un film carnoso y oscuro, sensual y fascinante, que supera el riesgo (temible) del espectáculo lascivo para europeos ofreciendo un retrato necesariamente poliédrico del mito, encarnado por un Lázaro Ramos en el papel de su carrera, aunque luego probaría ser un eficaz comediante a las órdenes de Jorge Hurtado (*O homem que copiava*, *Meu tio matou um cara*). Un film tan gozosamente pegajoso y contagioso como la canción *Ao romper da aurora*, una samba clásica de Francisco Alves, Lamartine Babo e Ismael Silva, que el protagonista entona —literalmente grita— en una de sus secuencias más memorables.